

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NIGRÁN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE "CAMPAMENTOS DE VERÁN 2016"

Cumprindo o establecido na ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Nigrán (publicada no BOP número 28, do día 8.02.13), o Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 31.05.16 acordou o establecemento do prezo público para a actividade "Campamentos de verán 2016" polo seguintes importes por campamento e participante:

"Campamento infantil verán 2016"

Tarifa xeral	
Campamento infantil verán 2016 horario ampliado	85,00 euros
Campamento infantil verán 2016 horario reducido	75,00 euros
Tarifa bonificada	
Campamento infantil verán 2016 horario ampliado	21,25 euros
Campamento infantil verán 2016 horario reducido	18,75 euros

"Campamento xuvenil verán 2016"

Tarifa xeral	
Campamento xuvenil verán 2016	75,00 euros
Tarifa bonificada	
Campamento xuvenil verán 2016	18,75 euros

Tarifa bonificada

Aos efectos destes prezos públicos entenderase por situación de necesidade ou de dificultade económico- financeira cando o menor participante estea integrado nunha unidade familiar que teña ingresos mensuais (14 pagas anuais) iguais ou inferiores, segundo o número de membros que teña a unidade familiar, aos que se indican na seguinte táboa



Nº MEMBROS	%	IMPORTE
2		681,03 €
3	20%	817,24 €
4	40%	953,44 €
5	60%	1.098,65 €
6	80%	1.225,85 €
7	100%	1.362,06 €

Para o cómputo destes ingresos restarase ao importe mensual correspondente ao aluguer ou hipoteca da vivenda habitual ata un máximo de 300 euros.

Aos efectos anteriores considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor e os fillos solteiros do solicitante menores de 25 anos que conviven no domicilio familiar ata a data de aprobación dos presentes prezos públicos.

Nigrán, 2 de xuño de 2016.—O Alcalde, Juan Antonio González Pérez.

